



Concello
As Neves

CONCELLO
DACAÑIZA



CRECENTE



Concello de
Mondariz



Concello do **Porriño**



Concello de
**Salceda
de Caselas**



CONCELLO
SALVATERRA

DE MIÑO



CONCELLO DE **TUI**

COMUNICADO

As piscinas públicas da comarca non abrirán as súas portas este verán para garantir a seguridade fronte á COVID 19

Os Concellos de Salceda de Caselas, Arbo, Crecente, As Neves, Tui, Salvaterra de Miño, O Porriño, Covelo, Cañiza e Mondariz acordan conxuntamente o peche das instalacións para garantir a seguridade da veciñanza.

Os protocolos establecidos dende o Ministerio de Sanidade fan practicamente imposible a apertura das instalacións con tódalas garantías sanitarias precisas.

Os Concellos de Salceda de Caselas, Arbo, Crecente, As Neves, Tui, Salvaterra de Miño, O Porriño e Mondariz veñen de emitir un comunicado conxunto anunciando a non apertura das instalacións das piscinas municipais este verán como medida ante a pandemia da COVID 19. A decisión tómasse tras unha exhaustiva análise da situación, unha vez se recibiron os protocolos elaborados dende o Ministerio de Sanidade, que establecen unhas condicións ás que dificilmente poden acceder os diferentes Concellos pola multitude de normas que recollen: as contínuas labores de limpeza e desinfección, a distancia de seguridade de dous metros establecida entre as persoas usuarias das piscinas, as limitacións do tempo de permanencia nas instalacións ou a limitación do aforo a un tercio como máximo fai que o acceso ás piscinas se convirta case nun privilexio ao que pouca xente podería acceder.

A decisión, tomada de xeito conxunto polos diferentes Concellos, primou ante todo a seguridade da veciñanza que acuda ás piscinas municipais. Tamén se tivo en conta o obxectivo fundamental destas instalacións de lecer: que as persoas vaian disfrutar dun momento de tranquilidade, o cal tamén se vería interrompido polas contínuas labores de desinfección e limpeza que se terían que levar a cabo obrigatoriamente, así como polas restriccións de usos de instalacións precisas como aseos, duchas e vestiarios.

Por outra banda, para o funcionamento das piscinas deben realizarse aportes contínuos de auga, controlar a cloración nos máximos, utilizar desinfectantes constantemente e outras cuestións que perxudican notablemente o medioambiente, preocupación que tamén amosaron os diferentes Concellos.

Para estes Concellos é fundamental garantir a seguridade das nosas e nosos veciñas e veciños, polo que de abrirse as instalacións aplicaríanse con rigor as medidas establecidas, o que imposibilitaría o disfrute por maior número de veciñas e veciños, que non poderían usar as mesmas ou, de facelo, terían que observar as normas restrictivas de uso, por mor do Covid 19.

O peche será aproveitado polos Concellos para acometer as melloras precisas para que as piscinas municipais poidan volver abrir cando a situación así o permita, e poidan facelo con tódalas garantías sanitarias precisas.

OS ALCALDES E ALCALDESAS

Horacio Gil Expósito (Arbo), Xose Manuel Rodríguez Méndez (As Neves), Luis Antonio Gómez Piña (A Cañiza), Juan Pablo Castillo Amigo (Covelo), Julio C. García-Luengo Pérez (Crecente), Xose Emilio Barros (Mondariz), Eva García de la Torre (Porriño), M^a Dolores Castiñeira Alén (Salceda de Caselas), Marta Valcárcel Gómez (Salvaterra de Miño), Enrique Cabaleiro González (Tui)